

Orientación sobre as probas unificadas do Ciclo Superior para o alumnado libre de galego

CURSO 2006/2007

As probas libres para a obtención do Ciclo Superior do ano 2007 desenvolveranse de acordo coa Circular 1/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

1. DATAS
2. ESTRUTURA E BAREMO
3. PROGRAMA
4. BIBLIOGRAFÍA
5. NOTAS IMPORTANTES

1. DATAS

CONVOCATORIA DE XUÑO:

<u>Parte escrita</u>	<u>Parte oral</u>
18 xuño, luns, 16:00	22 xuño, venres, 16:00

CONVOCATORIA DE SETEMBRO:

<u>Parte escrita</u>	<u>Parte oral</u>
18 setembro, luns, 09:30	24 setembro, venres, 09:30

2. ESTRUTURA E BAREMO

2.1. ESTRUTURA

A circular 1/2007 recolle a seguinte estrutura:

14. As probas do ciclo superior serán cualificadas sobre un máximo de 100 puntos e constarán dunha parte escrita e unha parte oral.

15. Para obter a cualificación de apto na proba do ciclo superior deberá acadarse un mínimo de 60 puntos sumadas a puntuación da parte escrita e da parte oral.

16. *A parte escrita terá carácter eliminatorio e, para superala, haberá que acadar o 60% da súa puntuación global.*

17. *Para superar a proba oral haberá que acadar un 60% da puntuación global desa proba.*

18. *Ao alumnado que supere unicamente a parte escrita na convocatoria de xuño manteráselle a cualificación para a convocatoria de setembro dese mesmo curso escolar.*

19. *A parte escrita incluírá actividades referidas ás seguintes destrezas:*

-Comprensión de lectura

-Expresión escrita

Poderá incluírse un apartado de competencia lingüística e actividades referidas á destreza de mediación.

20. *A proba oral incluírá actividades referidas ás seguintes destrezas:*

-Comprensión oral

-Expresión oral

22. *A administración das probas, así como a avaliación e posterior valoración dos seus resultados, será responsabilidade de cada un dos departamentos das escolas.*

2.2. BAREMO

PUNTUACIÓN TOTAL: 100 puntos (mínimo para a súa superación:60 puntos)

Parte escrita:70 puntos (mínimo para a súa superación: 42 puntos)

- Competencia lingüística: 30 puntos
- Comprensión de lectura: 5 puntos
- Expresión escrita: 20 puntos
- Mediación (tradución): 15 puntos

Parte oral: 30 puntos (mínimo para a súa superación: 18 puntos)

- Comprensión oral: 5 puntos
- Expresión oral: 25 puntos

3.PROGRAMA

Os obxectivos e contidos xerais e específicos están publicados no Real Decreto 1523/1989, B.O.E. do 18 de decembro de 1989 e son os seguintes: Os contidos dos que se van examinar os alumnos/as libres no Ciclo Superior coinciden cos de 4º e 5º curso por ensino oficial.

3.1. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS DO CICLO SUPERIOR

3.1.1. OBXECTIVOS XERAIS

O Ciclo Superior ten como obxectivo principal o desenvolvemento da capacidade creativa do alumno no uso do idioma, ata un grao que lle permita unha maior flexibilidade e matización na súa comprensión e expresión.

Trátase de ampliar e afondar no estudo das características gramaticais e normas de interacción comunicativa da lingua obxecto de estudio, así como de intensificar o contacto coas variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas máis comúns da devandita lingua, a fin de que o/a alumno/a consiga unha maior capacidade de comunicación nas distintas comunidades de falantes e en diferentes contextos socioculturais.

Ao final deste ciclo o alumnado deberá ter acadado estes obxectivos xerais:

- Coñecer de modo máis amplo as estruturas e o léxico de determinados campos semánticos.
- Distinguir perfectamente os fonemas do galego, especialmente os vocálicos e o *n* velar.
- Conseguir unha correcta pronuncia e entoación do idioma.
- Acadar un bo coñecemento da ortografía.
- Coñecer as variedades xeográficas (os fenómenos do vocalismo e do consonantismo...) e as desviacións da norma máis correntes.
- Coñecer de xeito básico a fraseoloxía da lingua galega e evitar as interferencias do castelán.
- Presentar unha corrección normativa, fluidez e riqueza expresiva nun rexistro culto, oral ou escrito.
- Ter un bo dominio da competencia gramatical en aspectos como a posición do pronome átono, o uso dos reflexivos, o pronome de solidariedade, a interpolación, os verbos que admiten acusativo ou dativo, os verbos con alternancia, o infinitivo conxugado e o futuro de subxuntivo.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

3.2.1. Desenvolvemento da competencia comunicativa

Ó remate do Ciclo Superior o alumno estará en condicións de realizar as seguintes actividades:

A) Lingua falada:

- Comprender os falantes da lingua obxecto de estudo con distintos acentos e rexistros, incluso se existe distorsión por ruído ambiental, por outras conversas próximas ou por causa do medio empregado (teléfono, radio, etc.).

- Comprender sen problemas intervencións públicas, conversas ou conferencias e programas informativos ou de debate en radio ou televisión, así como cancións e os diálogos de obras cinematográficas ou de teatro.
- Seleccionar a información que necesite, a partir dun contexto falado máis amplo, con suficiente precisión para a súa posterior utilización.
- Participar con efectividade plena en calquera conversa de carácter xeral, así como no ámbito da súa actividade profesional e expoñer os seus puntos de vista e opinións con fluidez e matización suficientes.

B) Lingua escrita:

- Comprender axeitadamente a información contida en anuncios públicos, avisos, formularios, follas de instrucións, etc., cun certo grao de explicitude e linguaxe técnica.
- Comprender artigos de prensa non especializados, dirixidos ó lector medio, que requiran uns coñecementos mínimos de léxico deportivo, xurídico, etc.
- **Comprender obras literarias dentro da súa área de interese, mesmo aquelas que requiran coñecemento de expresións coloquiais ou de argot.**
- Utilizar as formas máis usuais de transmisión escrita da información, como cartas, telegramas, resumos, etc.
- Producir textos escritos conforme a diferentes necesidades (descrición, narración, argumentación, diálogos, etc.) e a diferentes intencións comunicativas.
- Desenvolver un tema de debate, establecendo os seus puntos de vista con claridade, precisión e extensión suficientes, organizando o material de maneira axeitada.

C) Interacción social:

- **Utilizar a lingua de estudo nas súas relacións sociais, profesionais e afectivas, con naturalidade e adecuación á maioría das situacións.**
- Interpretar adecuadamente as actividades e intencións, mesmo implícitas, dos seus interlocutores, e reaccionar de modo axeitado de acordo coas súas necesidades e intereses.
- Comprender as variedades xeográficas máis estendidas da lingua galega.
- Comprender e saber usar os rexistros e estilos máis comúns.

3.2.2. Desenvolvemento da competencia gramatical

Os obxectivos constitúen neste caso unha ampliación e reforzo dos correspondentes ó Ciclo Elemental, coa finalidade de que o/a alumno/a puiden realizar as actividades descritas no apartado A con facilidade. Debe conseguir:

- **Mellorar substancialmente a pronuncia, ritmo e entoación.**
- Empregar máis eficientemente as estruturas morfosintácticas adquiridas e adquirir outras máis complexas.

- Mellorar a capacidade de matización na comprensión e expresión de significados conceptuais.
- Utilizar adecuadamente os mecanismos de enlace do discurso, tanto falado como escrito (desenvolvemento dun razoamento, conexión de parágrafos, precisión, resumo, reforzo, cambio de tema, etc.).

3.3. CONTIDOS

1º Curso (4º)

1.- Revisión e profundamento dos contidos do primeiro ciclo (Ciclo Elemental).

- A) nivel fonético- fonolóxico. Ortografía.
- B) morfolóxico.
- C) sintáctico.
- D) léxico - semántico.

2.- Sintaxe.

- Cláusulas copulativas e disxuntivas.
- Adversativas, concesivas, modais, finais, consecutivas e condicionais.

3.- Variedades sociais e contextuais.

- Rexistros.
- Estilos ou niveis.
- Variedades especiais: xergas (barallete, arxinas...); sectoriais (científico-técnico, medicina...)

4.- Variedades xeográficas.

- Fonéticas, morfolóxicas e léxicas.
- Distribución dos distintos fenómenos. Bloques, áreas e subáreas lingüísticas.

5. O galego na Península.

- Caracterización do galego fronte ás outras linguas romances da Península.
- Trazos conservadores e innovadores.
- Constitución da lingua. O latín traído á *Gallaecia*.
- Achegas de substrato. Significado deste léxico e o seu uso.
- Achegas de superestrato. Significados deste léxico e o seu uso.
- Préstamos.
- Voces patrimoniais, semicultas e cultas.

6. A lingua na Idade Media.

Características da lingua medieval: gráficas, fonéticas, morfolóxicas e léxicas.

Textos en verso e prosa.

7. A recuperación da lingua galega na escrita.

Primeiras manifestacións nos séculos XVIII-XIX.

O Rexurdimento. O uso da lingua en textos literarios.

Intentos por establecer unha lingua estándar.

Dicionarios e gramáticas.

8.- O traballo creador da Xeración Nós no eido lingüístico.

O labor ou intento por establecer unha lingua válida para todos os usos.

Características lingüísticas en textos da época.

2º curso (5º)

1.- O léxico.

A formación de palabras.

Familias léxicas regulares e irregulares.

Palabras derivadas. Prefixos máis frecuentes.

Sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.

Sufixos derivativos máis usuais.

2.- A semántica.

Campos semánticos: descrición de campos semánticos de interese.

Sinonimia, polisemia e homonimia. Antónimos e inversos.

Tabú e eufemismo.

3.- Estado actual da situación lingüística.

Recuperación lingüística de posguerra.

A investigación e divulgación da lingua galega. Léxicos, gramáticas e dicionarios.

A modernización do léxico e a creación de léxicos específicos.

4.- O uso do galego en distintos ámbitos.

O galego na literatura actual.

O galego nos medios de comunicación.

O galego na administración.

O galego na produción científica

5.- Expresións e modismos.

Frases feitas e usos. Expresións populares. Refrás, ditos e adiviñas.

Insistencia no estudo e uso de locucións nominais, verbais, adverbios, prepositivas e conxuntivas.

6.- Particularidades da sintaxe galega.

Posición do pronome átono. A interpolación. Usos especiais do pronome el.

Casos con dificultade na comparativa.

Outros.

7.- Comentario lingüístico de textos.

Comentario fonético, morfolóxico, sintáctico e léxico- semántico de textos en prosa, verso ou outros de interese.

8.- Revisión e profundamento xeral do 1º nivel e da tradución.

A) Do 1º ciclo (Ciclo Elemental)

B) Do 2º ciclo (Ciclo Superior)

C) A tradución. Dificultades.

Os libros de texto, consulta e exercicios para as probas libres do certificado de Ciclo Superior coinciden con 4º e 5º cursos oficiais do Ciclo Superior. Para o estudo do léxico recoméndanse os libros de léxico mencionados no programa.

4.BIBLIOGRAFÍA: LIBROS DE TEXTO, CONSULTA E EXERCICIOS.

O exame seguirá as Normas Ortográficas e morfolóxicas do Idioma Galego, da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega de 2003. (Publicadas na edición recomendada de 2004)

En caso de diverxencias nos libros de lectura, consulta e exercicios recomendados coas escollas da Normas, prevalecerán sempre as das Normas.

Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, RAG / ILG, 2004

Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega. VVAA, Ed. Galaxia, 2004

Exercicios de Galego século XXI. VVAA. Ed. Galaxia, 2004

Manual de lingua galega I. Teoría e práctica. Nivel superior, X. A. Granxa e Mª X. Méndez, Ed. Xerais

Manual de lingua galega II. Teoría e práctica. Nivel superior, X. A. Granxa e Mª X. Méndez, Ed. Xerais

Novas prácticas de lingua, A. Colmenero, Ed. do Cumio

Ortografía da lingua galega, Begoña González Rei, Ed. Galinova

Gramática galega, R. Álvarez e outros, Ed. Galaxia

Gramática da lingua galega, R. Álvarez e X. Xove, Ed. Galaxia

Gramática práctica. (Morfosintaxe), Hermida Gulías, C, Ed. Sotelo Blanco.

Gramática da lingua galega, I, II, III, IV, X. R. Freixeiro Mato, Ed. A Nosa Terra.
Lingua e sociedade na Galiza, M. Portas, Bahía Edicións
Dialectoloxía da lingua galega, F. Fernández Rei, Ed. Xerais
Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica. VV AA, Ed. Galinova.
Diccionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo, Ed A Nosa Terra.
Lingua galega e literatura, 2 Bacharelato, A. Nieto e X. Troitiño, Ed. Anaya.
Libros de léxico: os mesmos do Ciclo Elemental (*Traballando co léxico I, II e III,* VV AA, Ed. Xerais)

DICIONARIOS DE CONSULTA

Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGa), RAG / ILG, 2004
Gran Diccionario Cumio da Lingua Galega, Ed. do Cumio, 2004
Gran Diccionario Xerais da Lingua, Ed. Xerais. 2000
Diccionario Xerais da lingua, ed. Revisada, 2004
Diccionario da lingua galega, Obradoiro-Santillana, 1995
Diccionario Xerais Galego-Castelán, Castellano-gallego, 2005
Diccionario Xerais Castelán-Galego de usos, frases e sinónimos, Ed. Xerais
Diccionario de ortografía da lingua galega, VVAA, Ed. Galinova, 2004

5. NOTAS IMPORTANTES

- NON hai libros de lectura obrigatorios.
- O alumnado libre poderá matricularse na mesma convocatoria para a proba do ciclo elemental e para a proba do ciclo superior. A presentación a esta última estará supeditada á superación do ciclo elemental.
- O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.
- De superar a proba de ciclo elemental, o alumnado poderá incorporarse ao primeiro curso do ciclo superior do réxime de ensinanza oficial presencial en calquera escola de Galicia, sempre e cando exista dispoñibilidade de prazas na escola na que desexe matricularse. As escolas informarán documentalmentemente ao alumnado desta circunstancia no momento da matrícula.
- As reclamacións aos resultados das probas presentaranse por escrito ante a dirección da escola no prazo de dous días lectivos posteriores á súa publicación.

De persistir o desacordo, o alumno poderá reclamar ante a delegación provincial, no prazo dun día lectivo posterior ao da comunicación da

dirección da escola. A delegación provincial resolverá tras o informe do servizo de inspección, no prazo de dous días hábiles.

- No caso de superar as probas unificadas, será a escola quen lle expida a correspondente certificación académica ao alumnado que supere a proba de ciclo elemental, no caso do ciclo superior será a Administración Educativa quen emita o mencionado diploma.